

## BASES REGULADORAS DA FOLIADA DO MARTES DO ENTROIDO 2019

### Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc) que presenten a solicitude no prazo establecido.

### Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

- O prazo de inscrición para participar na Foliada do Martes de Entroido 2019 será dende o día 4 de Febreiro ao 1 de Marzo de 2019, ambos incluídos.
- As solicitudes estarán disponibles na Casa da Cultura e na páxina web [www.barbadas.gal](http://www.barbadas.gal).
- A inscrición realizarase na Casa da Casa da Cultura, a través de correo electrónico ([casacultura@barbadas.es](mailto:casacultura@barbadas.es)) ou por teléfono: 988 246885.

### Artigo 3. Normas de participación

- A foliada terá lugar o martes, día 5 de marzo ás 17 horas e o seu percorrido será a Avenida de Celanova. Os participantes deberán estar ese día ás 16 horas na rúa dos Carrís.
- A cada grupo ou persoa inscrita adxudicaráselle un número coa orde de participación na foliada.
- Todos os vehículos que participen no desfile deberán ter en vigor a póliza de seguro obrigatorio de circulación.
- Os/as participantes dentro da categoría infantil deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta, que será o seu representante e responsable durante a foliada.
- Os/as participantes deberán inscribirse nunha única categoría.

### Artigo 4. Categorías

Establecense as seguintes categorías:

- **Xerais:**
  - **Charangas** (con instrumentos musicais) – **Contracharangas** (sen instrumentos pero con animación musical).

- **Carrozas**
- **Comparsas:** mínimo 8 persoas.
- **Parellas**
- **Individuais**
- **Infantís: (ata 14 anos e un máximo de 8 nenos e nenas)**
  - **De 0 a 5 anos**
  - **De 6 a 10 anos**
  - **De 11 a 14 anos**

## Artigo 5. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

- **Xerais:**
  - **Charangas - Contracharangas:** 1º premio 350 €, 2º premio 300 €, 3º premio 250 €, 4º premio 200 € e 5º premio 150 €.
  - **Carrozas:** 1º premio 500 €, 2º premio 400 €; 3º premio 350, 4º premio 300 € e 5º premio 250 €.
  - **Comparsas:** 1º premio 400 €, 2º premio 300 €, 3º premio 250 €, 4º premio 200 € e 5º premio 150 €.
  - **Parellas:** 1º premio 200 €, 2º premio 150 €, 3º premio 100 €, 4º premio 75 € e 5º premio 50 €.
  - **Individuais:** 1º premio 150 €, 2º premio 125 €, 3º premio 100 €, 4º premio 75 € e 5º premio 50 €.

- **Infantís:**

Recibirán un único premio por cada categoría consistente nun bono regalo, por valor de 200 €, para mercar en librerías e xogueterías do Concello, o bono regalo caducará o 27 de setembro de 2019.

- O pago dos premios realizarase mediante transferencia bancaria, presentando se é o caso, certificación da exención do IVE. Nos demais casos, as compensacións

económicas estarán suxeitas ás retencións que correspondan en función da normativa fiscal.

### **Artigo 6. Xurado**

- O concurso terá un xurado composto por cinco persoas, dúas en representación do Concello, estas con voz pero sen voto. Estará presidido pola Concelleira de Cultura e actuará como secretario o coordinador de actividades culturais.

O xurado terá en conta á hora de valorar os participantes principalmente calidades que respondan ao espírito do entroido (a graza, a empatía co público, a sátira, a transgresión), a animación musical, a creatividade e a elaboración do vestiario e do resto do atrezzo.

### **Artigo 7. Axudas a asociacións**

As asociacións que participen na Foliada do Martes de Entroido 2019 compostas por 10 ou máis integrantes e se atopen debidamente inscritas, a data 31/12/2017, no Rexistro de Asociacións do Concello de Barbadás, recibirán unha axuda de 100 €.

### **Máis información:**

Casa da Cultura

Rúa San Bernabé 37 32002 A Valenzá

Tlf: 988 246885

Correo electrónico: [casacultura@barbadas.es](mailto:casacultura@barbadas.es)

***As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento serán resoltas pola Concellaría de Cultura.***

***A Concellaría de Cultura resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento do evento.***

***A participación na Foliada do Martes de Entroido 2019 implica a aceptación das presentes bases.***